



Galicia

GALICIA
LABORAL

Diario dixital da UGT de Galicia

**LOITA
polo TEU****ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 666 Semana do 22 ao 28 de febreiro de 2016

UGT CELEBRARÁ O SEU 42º CONGRESO CONFEDERAL DO 9 AO 12 DE MARZO EN MADRID

A UNIÓN EN PÉ

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadores ven de presentar o seu 42º Congreso Confederal, que se celebrará do 9 ao 12 de marzo en Madrid baixo o lema "A Unión en pé".

Un lema que, como sinalou o secretario xeral da Organización, Cándido Méndez, responde á "disposición incansable do sindicato de defender os dereitos dos traballadores nun contexto de situación económica moi complicada como a actual e que ten nuboeiros moi negros, xa que se fala dunha posible terceira recesión".

Na presentación, na que participaron, ademais, o secretario de Organización e Comunicación, José Javier Cubillo, e o secretario de Acción Sindical, Toni Ferrer, Cándido Méndez sinalou que este Congreso "significa o peche dunha etapa e a apertura doutra. Elixirase a unha nova Comisión Executiva Confederal cunha nova cabeza visible na Secretaría xeral, pero moito máis importante será a estrutura organizativa que sairá dese Congreso, e que xa está en marcha, con tres novas federacións fortemente sectorializadas para atender con máis eficacia o traballo sindical na base da Organización".

"Deste Congreso sairá unha UGT máis austera, transparente e eficaz que ten que dar resposta a tres compromisos claros: como aplicamos os recursos materiais na base, como garantimos un servizo básico xurídico da maior calidade posible e como mantemos a actividade nas sedes do Sindicato".

Unha Organización con "maior transparencia no reforzo dos mecanismos de control e maiores niveis de autoesixencia dos dirixentes sindicais. Neste sentido, damos moita importancia ao feito de que no Congreso aprobarase unha Comisión de Seguimento do Código Ético que incorporará a tres persoas alleas ao Sindicato".

Ademais, sinalou que do total de



emendas que se presentaron a discusión, "hai algunhas dignas de mención, como as que tentan dar resposta aos que máis están a sufrir a crise, como os parados de moi longa duración ou os mozos; fomentar a innovación nas empresas e as habilidades nas Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC); ou mellorar o poder adquisitivo e a calidade do emprego, máis nunha situación como a actual".

601 delegados participantes e 2.536 emendas presentadas aos documentos de discusión

José Javier Cubillo e Toni Ferrer foron os encargados de detallar os elementos básicos tanto da organización do Congreso como do Programa de Acción que se debaterá para os próximos catro anos.

Neste sentido, Cubillo sinalou que no Congreso participarán "601 delegados, o 60% representando ás federacións e unións estatais e o 40% ás unións de Comunidade Autónoma. Dese total, o 62% serán homes e o 38% serán mulleres. Imsos a este Congreso con 928.846 afiliados e presentáronse a discusión un total de 2.536 emendas aos documentos base".

Ademais, "asistirán como convidados, entre outros, o director xeral da Organización Internacional do Traballo (OIT), Guy Ryder, a secretaria xeral da Confederación Sindical Internacional (CSI), Sharan Burrow, ou o secretario xeral da Confederación Europea de Sindicatos (CES), Luca Visentini".

Un Programa de Acción para unha nova política

En canto ao Programa de Acción, Toni Ferrer manifestou que desenvolve "un cambio de políticas tanto en España como en Europa, xa que aposta por poñer fin ás políticas de austeridade que se deron en toda Europa e orientalas ao crecemento e á creación de emprego".

Ademais, aposta pola "flexibilización do déficit e por priorizar a loita contra a pobreza, con políticas de redistribución da renda de maneira máis xusta".

Todo iso ao redor de tres eixos de intervención: "o emprego de calidade, a eli-

[O texto continúa na páxina seguinte...](#)

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

...o texto ven da páxina anterior.

minación das desigualdades e o fortalecemento do Estado de Benestar, e a potenciación dos servizos públicos fundamentais”.

O instrumento fundamental para poder desenvolver estes eixos “debe ser o diálogo social, tanto cos empresarios como cos poderes públicos. Un diálogo útil e necesario para reverter as reformas laborais de 2010 e 2012; derogar o artigo 315.3 do Código penal, que criminaliza o dereito de folga; e reverter a Lei de Seguridade Cidadá”.

Todo iso cos obxectivos de “crear emprego estable, fomentar a igualdade de trato e oportunidades, reforzar a protección social e o rescate ás persoas que máis sufri-

ron a crise, reforzar a negociación colectiva, desenvolver a Lei de Participación Institucional e propiciar un cambio de modelo produtivo”, entre outras cuestións.

O cambio de Goberno en España pode propiciar un cambio de políticas na UE

En relación á situación política e económica actual, Cándido Méndez sinalou que “hai 15 millóns de persoas que votaron polo cambio e iso débese respectar. Non me parece conveniente que se vaia á convocatoria de novas eleccións porque se pode producir un resultado similar ou, mesmo, pódese propiciar que vaia menos persoas a votar”.

Ademais, esta configuración do novo Goberno no noso país “pode xerar outra dinámica na Unión Europea (UE), que re-

cupere os seus valores iniciais e propugne a reactivación económica cun cambio de modelo produtivo”.

“Na UE está a producirse unha involución desde o punto de vista dos dereitos sociais e laborais. Os gobernos están a proxeccionar unha imaxe que fai que os valores fundamentais da Unión queden nun segundo plano, como no caso dos refuxiados, onde están a gañar os populismos e o racismo”.

“Falta unha resposta unitaria ante o repunte dos niveis de paro, mediante a mellora das políticas de emprego e de salarios e un plan de investimentos que vaia máis aló do Plan Juncker”.

Por iso, “o cambio de Goberno pode propiciar a definición dunha alianza nos países do sur de Europa que favorezan este tipo de políticas”.

O DEREITO A FOLGA E A LIBERDADE SINDICAL DEBEN SER LIBERDADES RECOÑECIDAS DE MANEIRA PLENA



Redacción.- Unha delegación de UGT e CCOO reuniuse con representantes do Grupo Parlamentario Socialista encabezada polo seu secretario xeral, Miguel Ángel Heredia, para analizar a necesidade de derogar o artigo 315.3 do Código penal, que condena o exercicio do dereito fundamental de folga.

O secretario de Acción Sindical, Toni Ferrer, explicou que o encontro ten como finalidade “reestablecer a normalidade democrática que foi alterada pola actuación da Fiscalía utilizando un vestixio franquista do noso Código penal que criminaliza o dereito de folga”.

Ferrer subliñou que “UGT valora que tanto o PSOE como EU e Podemos expuxesen iniciativas parlamentarias para derogar o artigo

315.3 porque o dereito a folga e a liberdade sindical deben ser liberdades recoñecidas de maneira plena, non como agora que son dereitos constitucionais postos en cuestión por normas preconstitucionales, normas franquistas”.

“O obxectivo da Unión Xeral de Traballadores”, sinalou, “é que a partir da sentenza de Airbus, se produza un cambio de signo nos casos que quedan pendentes: que as 300 persoas que foron procesadas, algunhas xa condenadas, non teñan penas de prisión e que, unha vez se derroge o artigo 315.3, as causas, os procesos e as sentenzas firmes sexan revisadas. Cremos que este é un feito de xustiza no noso país, de recoñecemento das liberdades e é un feito que corresponde a unha democracia avanzada como é España”.

En Galicia están convocadas para o día 27 tres mobilizacións, en A Coruña, Pontevedra e Vigo

UGT-GALICIA ADHÍRESE Á INICIATIVA “PASAXES SEGURAS” E APOIA A MARCHA EUROPEA POLOS DEREITOS DOS REFUXIADOS

Redacción.- UGT-Galicia apoia as mobilizacións convocadas para o vindeiro día 27 de febreiro en diferentes cidades galegas, así como no resto do Estado e Europa, para esixir solucións á crise humanitaria que están padecendo miles de persoas que xa se atopan en territorio da Unión Europea ou que están intentando chegar a el. A mobilización centrarase na esixencia da creación de “pasaxes seguras” que permitan aos e ás solicitantes de protección internacional chegar á Unión Europea sen poñer en risco as súas vidas e transitar de forma segura a través do territorio comunitario.

En Galicia, do mesmo xeito que se vai facer noutras 40 cidades españolas, están convocadas tres mobilizacións. En A Coruña unha manifestación que sairá ás 19.30 horas da Praia de Riazor. En Pontevedra tamén está convocada unha manifestación dende a Praza da Peregrina, ás 19.30 horas. No caso de Vigo a manifestación será pola mañá, sairá ás 12.00 horas de Vía Norte.

O CRECEMENTO ECONÓMICO DEBE CHEGAR A TODOS, NON A UNS POUCOS

Redacción.- A economía española creceu de media en termos interanuais un 3,2% en 2015 pero o crecemento en España segue sen consolidarse e sen trasladarse ao benestar dos cidadáns e os traballadores do noso país.

O noso modelo de crecemento é moi dependente de factores estacionais e tradicionais e moi vulnerable ante os vaivéns do ciclo económico internacional. A política económica, aplicada estes anos, baixo o auspicio da UE, agravou todos os problemas: hai menos emprego, este é máis precario e temporal, persiste a desvalorización de rendas, debilitouse a negociación colectiva, incrementouse a desigualdade social e a poboación en risco de pobreza (próxima xa ao 30%) e nin sequera facilitouse un cambio de modelo produtivo.

Para que a nosa economía funcione para todos e non só para uns poucos, UGT reclamará ao novo Goberno que aposte por un crecemento equilibrado, sustentable e integrador, cuxo eixo sexa a creación de emprego de calidade, que atenda as necesidades sociais e loite contra as desigualdades e facilite un novo modelo produtivo baseado en actividades industriais e de alto valor engadido.

Os datos da Contabilidade Nacional Trimestral do cuarto trimestre do ano, publicados este xoves polo INE, confirman que a economía española rexistrou un crecemento do 0,8%, tal e como sinalaba o indicador adiantado, que se coñeceu o 29 de

xaneiro. Esta taxa coincide coa rexistrada no trimestre anterior. Pola súa banda, o crecemento anual, que se sitúa no 3,5%, sobe un décimo respecto ao trimestre anterior. Deste xeito, o ano 2015 péchase cun crecemento interanual medio do 3,2%.

A contribución ao crecemento agregado da demanda nacional é a mesma que a rexistrada no trimestre anterior, situándose en 4,1 puntos, e a demanda exterior mellora a súa achega ao PIB trimestral nun décimo respecto ao trimestre pasado, pero segue en negativo (-0,6 puntos). As exportacións aceleran o seu crecemento en oito décimas, desde o 4,5% ao 5,3%, e que as importacións aceleran o seu ritmo de crecemento en cinco décimas, pasando do 7,2% ao 7,7%.

En canto á situación dos principais compoñentes da demanda interna, o gasto en consumo final dos fogares experimenta un crecemento anual do 3,5%, unha décima menos que a do trimestre anterior; o gasto en consumo final das administracións públicas aumenta sete décimas respecto ao trimestre precedente, e presenta unha variación interanual do 3,7%; e a formación bruta de capital fixo rexistra un crecemento anual do 6,4%, tres décimas inferior á do trimestre anterior. O investimento en bens de equipo presenta un crecemento do 10,9% no cuarto trimestre, tres décimas menos que o trimestre anterior.

Pola súa banda, o emprego, en termos de postos de traballo equivalentes a tempo



completo, rexistra unha variación trimestral do 0,6%, unha décima inferior á experimentada no trimestre anterior, e en termos anuais presenta unha taxa de crecemento do 3,0%, tamén unha décima inferior á anterior, o que supón un aumento neto de 495.000 postos de traballo equivalentes a tempo completo nun ano.

Por último, a remuneración dos asalariados pasa do 3,8% ao 4,3% en taxa anual, como consecuencia da caída en catro décimas da taxa de variación anual do número de asalariados (do 3,7% ao 3,3%) e do aumento da remuneración media por asalariado en oito décimas (do 0,1% ao 0,9%). Así, o crecemento do custo laboral por unidade de produto (CLU) sitúase no 0,4%, tres décimas por baixo da variación experimentada polo deflactor implícito da economía (0,7%). Pola súa banda, a variación anual do excedente bruto de explotación/ renda mixta bruta aumenta tres décimas, desde o 3,5% do trimestre anterior ao 3,8% deste trimestre.

O PACTO PSOE E CIDADÁNS, UN PASO INSUFICIENTE PERO NECESARIO

Redacción.- O secretario xeral de UGT manifestou, en referencia ao acordo alcanzado entre o PSOE e Cidadáns, que "estamos un pouquiño máis lonxe de que se poidan repetir as eleccións, pero estaríamos moito máis lonxe se se abre a outros partidos políticos". Neste sentido, sinalou que "é un paso probablemente insuficiente, pero necesario porque permite desbloquear a expectativa de que se produza a investidura".

En declaracións previas ao acto en favor do dereito de folga, e en recoñecemento aos 8 de Airbus, destacou que o acordo é moi importante, tendo en conta que o sindicato "non considera como unha hipótese desexable a repetición das eleccións. Isto supón un paso adiante para que o debate de investidura se produza, e así todos os grupos políticos terán oportunidade de manifestarse".

Con respecto ao documento, Méndez destacou que "a Unión Xeral de Traballadores nunca se expuxo expectativas respecto diso de que un documento de investidura recollese exactamente o que queremos". "Sabemos que a situación política é tan diversa e complexa" -engadiu- que un documento que pase polo persoal das organizacións sindicais era unha expectativa que non se correspondía coa realidade".

Sinalou, con todo, que se trata dun documento bastante completo, que máis aló dunha declaración de principios, ten virtudes e defectos, como algunhas modalidades de contratación sobre as que a UGT parécelle que é precipitado chegar a ese nivel de concreción. Neste sentido precisou que "hai xeneralidade nalgúns apartados e excesiva concreción nalgún apartado da contratación laboral". Cándido Méndez subliñou



que teñen que darlle unha oportunidade ao diálogo social.

Con respecto á derogación da reforma laboral, manifestou que "o que nos importa é que se repoñan os dereitos que se recortaron coa reforma de 2012 e 2010 porque derogar é crear un baleiro. Impórtanos repoñer dereitos e elaborar un novo Estatuto dos Traballadores significa un compromiso que pode favorecer repoñer dereitos".

Os traballadores do sector do aforro mobilízanse por un convenio xusto

Redacción.- Este mércores os traballadores do sector de aforro protagonizaron fronte á sede de Abanca, en A Coruña, unha concentración para demandar un convenio xusto e sen recortes. Convenio, cuxa negociación iniciouse o 21 de xaneiro de 2015 e está encallada pola intransixencia da patronal que pretende liquidar a maior parte dos dereitos que se regulan no mesmo.

Con esta mobilización os traballadores das antigas caixas denunciarán que no proceso de negociación do convenio colectivo a parte empresarial pretende impoñer a xornada partida con carácter xeral, a mobilidade xeográfica forzosa, baixar os trienios, cambiar o sistema actual de ascenso por outro "a dedo" ou reducir os plu-

ses e axudas.

Pola contra, os traballadores insisten en que o novo convenio debería facer fincapé no plus de convenio, a revisión salarial, medidas destinadas á conciliación, promoción obxectiva, manter a antigüidade ou clasificar as oficinas e recoñecer aos seus subdirectores e xestores.

As dificultades na mesa de negociación e a imposibilidade, polo momento, de pechar un acordo levan aos traballadores a convocar, de novo, mobilizacións. Hai que lembrar que o sector das antigas caixas de aforros xa se levou por



dante máis de 40.000 empregos, ademais dos sacrificios en forma de redución salarial e outras medidas que se levaron a cabo en todas as entidades para reducir os costes laborais.

Traballadores de limpeza, seguridade e servizos auxiliares denuncian que Barreras incumpre a norma laboral e crea precariedade

Redacción.- Os traballadores de limpeza, seguridade e servizos auxiliares mobilizáronse este mércores ás portas de Barreras en Vigo para denunciar que o estaleiro segue a manter a presión sobre as auxiliares para obrigalas a cambiar de persoal cada seis meses.



Estes traballadores, nos seus respectivos convenios colectivos, manteñen unha cláusula de subrogación onde os de limpeza aos catro meses e os de seguridade aos sete meses de antigüidade no servizo teñen dereito a subrogarse coas mesmas garantías no caso de mudar de empresa.

Esta cláusula o que fai é garantir a estabilidade nos postos de traballo, algo que Barreras, coa súa imposición pretende eliminar, precarizando e dando temporalidade ao traballo indefinido.

Santos Sánchez, de FES-Vigo, aclarou que xa hai un ano iniciáronse as negociacións co estaleiro no marco das cales aprazaron as mobilizacións en aras de chegar a un acordo pero xa se produciu o cambio de practicamente toda a plantilla, o que demostra que pola vía do diálogo non se pode chegar a ningún sitio.

Isto obriga a iniciar accións por tres vías diferentes, mobilizacións, demandas xudiciais e denuncias ante a Inspección de Traballo.

MCA denuncia o sistema de adjudicacións de Navantia en Madrid

Redacción.- MCA-Ferrol expón a súa preocupación pola adjudicación de obras a empresas auxiliares nos estaleiros públicos da ría de Ferrol. Nos últimos anos as concesións son outorgadas dende Madrid, onde está a sede de Navantia e da SEPI, e afastados da realidade social da clase obreira ferrolana. Dende MCA-Ferrol consideran que este tipo de xestión abre o camiño ás grandes multinacionais, capaces de assimilar as perdas nas subcontratacións, e que, posteriormente, xustifican nos seus balances anuais. Denuncian que as grandes empresas rebaixan ata o insulto os orzamentos para concorrir aos concursos, rozando as baixas temerarias. Isto contribúe á alta taxa de desemprego que se registra en Ferrolterra e os baixos salarios dos empregados na comarca. MCA insiste en que Navantia debe considerar os recursos da zona para que os estaleiros sexan fonte de enriquecemento da comarca de Ferrol.

Programa de garantía xuvenil

Programa extraordinario de activación para o emprego

INFÓRMATE!

Dirixete ás sedes de UGT ou en: <http://www.ugtg Galicia.org>